

Localización:



CPI José García García
Rúa Mende nº 1,
32004 - OURENSE

O CPI José García García Está situado na rúa de Mende Nº 1, moi preto do campus universitario de Ourense nun entorno natural envexable.

Pódese acceder ó centro dende dúas rúas, a rúa de Mende, que comunica ca rúa Lemos (tramo de enlace ca estrada de Monforte), e a rúa da Rabaza, que comunica co campus universitario.



Pódese chegar ó centro en 10 minutos en coche dende o centro da cidade ou se o preferimos, pódemos chegar dando un agradable paseo.

No entorno do centro gozamos dun dos mellores espazos naturais cercanos á capital Ourense.

A escasos metros circula o río Loña, río que proporciona a auga potable da cidade



Tamén, tras un pequeno tramo a pé, atopamos o conxunto arqueolóxico de Santomé. Onde se poderá contemplar un xacemento arqueolóxico que abarca case seis séculos de historia. Existe un castro e un asentamento galaico-romano ademais dun magnífico bosque autóctono de carballos mesturado con outras especies caducifolias.